Pazo de Bermás / Marqués de Montesacro

Lugar: Bermás | **Parroquia:** O Pino | **Coordenadas:** 42º56'06.1"N 008º20'54.1"W.

Accesos: Pola N-634 dirección Curtis, cóllese por un desvío á man dereita que leva ata o lugar de Bermás, onde se sitúa o pazo.
Clasificación: Pazo
Época: Barroca
Contorna: Rural Uso: Privado
Material orixinal: Pedra
Grao de protección: Catálogo Normas Subsidiarias Provinciais
Valoración do recurso: Atractivo local
Grao de utilización: Privado
Sinalización: Non

Material Estado de conservación
Xeral: BO
Fábrica: Pedra BO
Carpintería: BO
Revocos: NON PROCEDE
Aleiros: BO
Cerraxería: NON PROCEDE
Cuberta: BO
Outros: NON PROCEDE
Estrutura: BO
Interior: NON AVALIADO

Edificio de estilo barroco de planta en forma de U moi aberto. Fábrica de mampostería revocada e pedras de cantería de granito pizarroso nas partes nobres. Fachada con pequena escalinata de acceso á planta nobre. Fiestras con peitoril de pedra de cantería. É un conxunto formado nunha grande leira con casa-pazo, hórreo moi longo, outo e graneira-palleira. Neste pazo sitúase o maior cedro de Galicia con 18 metros de altura e 90 cm de diámetro na base do tronco. Resulta asombrosa a visión da súa copa que se deixa ver ó longo de 90 metros cadrados. Hoxe en día esta construción fidalga é propiedade de Manuel Alonso Martínez.